

Sentenza do Galo de Montecubeiro (Castroverde-LU). 1930 ca.

Texto transcrito por Xosé M^a Gómez Vilabella

Acusador:

¿Viene usted a declarar
por los crímenes cometidos,
o es acaso familia
de estos dos detenidos?

Testemuña:

Eu deses dous fulanos
parente non lle son nada.
Véñolle para declarar,
e se non, non me citara!

Agora xa non son un neno,
hei declarar o que vin.
Todo mesmiño que foi,
sen aumentar nin mentir.
Hei declarar a verdade,
¡sempre tiven coidadiño!,
non vendo a miña conciencia
por un vaso de viño.

Estando eu na miña casa,
quentando ao lume as canelas,
sentín fóra un gran barullo
e pensei que eran dúas vellas.

Pensando que se leaban
botei man a esta caxada;
encontreime con dous galos
¡que eran da Fonsagrada!

Sobre todo o Monteiro,
dígolle meu señorito,
¡se o vira encristarse
pro galo do meu veciño!
Quen tivo a culpa de todo
foille o galo Monteiro,
que o outro, meu señorito,
axudáballe por medo.

Mire, señor Xuez,
ben sabe que iso é moi serio,
vir os galos forasteiros
galea-las pitas do pueblo!

Defensor do Toribio:

¿Fue cierto, señor testigo,
que el gallo Toribio
era un joven inocente
y el menos atrevido?

Testemuña:

Toribio que é o máis novo,
ese aínda é de boas contas;
o outro galeaba as nenas
i el quedábase coas sobras.

Se algunha pillada fixo
xa verá o fundamento:
é porque as polas non respectan
o sexto mandamento.

Fiscal:

¿Oiga, señor testigo,
tiene algo máis que declarar,
o revoca en algún punto
su prueba testifical?

Testemuña:

Xúrolle, señor Fiscal,
que canto dixen foi certo,
e aínda lle hei contar máis,
xa que logo temos tempo.

Fixeron outra das súas
alí cerca, noutro pueblo;
sacáronlle as plumas todas
a un galo que era vello...
Eu, que sempre fun de xenio,
botei man nunha estaca,
e ía para aló despartilos,
mais despois non fixo falta.

Xuíz:

¿Y fue cierto que el Montero
deshonró unas pollitas nuevas,
y que despreciaba, el malvado,
a las que eran más viejas?

Testemuña:

Xa estaba coa boca aberta
para dicirlle algo máis eu.
Denantes fíxenlle unha seña
mais vostede non entendeu.

Algunha, meu señorito,
estaba ben en sazón;

porque eran algo vellas,
depreciábaas o bribón.
E mesmo á vista da xente
se poñía a galear;
nunca tal lle pensei ver:
¡O mundo vaise acabar!

Dígolle agora, señor Xuez,
que acabei de declarar:
víñame ben medio litro,
e un bolo, para me marchar!
.../...